

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 10 de maio de 2024, ao abeiro da *Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F)* (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024), para a contratación de 2 persoas desempregadas para a realización do proxecto “RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL”,

Páxina | 1

### DISPOÑO:

- Incóuese expediente para a contratación de 2 persoas desempregadas, na ocupación de peón forestal, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumplirse tanto no momento da selección coma no da formalización dos contratos.
- Os contratos a formalizar serán a xornada parcial, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, para a realización de traballos de limpeza e mellora de espazos públicos e de conservación medioambiental, co obxecto de proporcionarles a experiencia e práctica profesionais necesarias para facilitar a súa inserción laboral
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demáis documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

